FICHA – O universo e a Terra 1

1.- Vocabulario científico da unidade:

Palabra	Definición

2.- Na actualidade hai varios estudos e viaxes de sondas a Marte para estudar a posibilidade de desenvolver vida nese planeta. Que condicións mínimas cres que deberá reunir?

3.- Cal é a diferenza entre meteorito e estrela fugaz?

4.- O Everest está considerado, cos seus 8 848 m de altitude, como a montaña máis alta do mundo. Na súa cima apenas hai vida. A que cres que pode ser debido?

5.- Na atmosfera hai, entre outros, tres gases, indica cales son e cal é a súa importancia?

6.- Explica o "ciclo da auga".

7.- Pensa e razoa: "se a auga que hai no planeta é sempre a mesma, non debemos de preocuparnos, nunca se esgotará, polo que, aínda que a malgastemos, sempre teremos a mesma cantidade". Estás de acordo con esta afirmación? Explica a túa resposta.

8.- "Os Ancares formará parte da Gran Reserva da Biosfera da cordilleira Cantábrica". Que quere dicir esta noticia?

9.- Existe unha forma de obtención de enerxía renovable denominada enerxía xeotérmica. Infórmate e explica en que consiste.

10.- Por que países tan distantes entre si como Finlandia e Suráfrica teñen a mesma hora?

11.- Por que en Canarias sempre é "unha hora menos"?

12.- A vista da división da Terra en fusos horarios, cal crees que debería de ser a hora que lle correspondería a España?

13.- A que se debe que no verán haxa máis horas de Sol que no inverno?

14.- En Helsinki, capital de Finlandia, este inverno tiveron 50 horas en total de luz solar, en España conséguese a mesma luz cuns 6 ou 7 días soleados. Que explicación podemos dar a isto?

15.- Cal é a explicación de que o nadal se celebre en Arxentina nas praias e non con frío e neve como en Galicia?

16.- Por que os planisferios representan as formas dos continentes lixeiramente deformadas?

17.- Cal cres que pode ser a razón de que ao meridiano de Greenwich tamén se lle chama o meridiano 0º?

18.- Cal destas coordenadas pensas que poden ser as da cidade de Ourense? Explica a túa elección.

a) 42,3º Latitude Norte 7,9º Latitude Oeste
b) 42,3º Latitude Sur 7,9º Latitude Oeste
c) 42,3º Latitude Norte 7,9º Latitude Leste
d) 42,3º Latitude Sur 7,9º Latitude Leste

19.- Explica. Realmente a Lúa ten fases?

20.- Cales son as diferenzas entre o eclipse de Sol e o de Lúa?

21.- De onde provén toda a enerxía do Sol?

22.- A que se debe que os cometas “teñan cola”?

23.- Infórmate e explica que son os aneis que rodean a Saturno.

24.- Explica que é Ceres?

25.- Realiza un esquema sobre as distintas partes do universo.